

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DAS  
MEDALLAS CASTELAO 2010

**Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2009**

Galardoados coas medallas Castelao 2010. Autoridades presentes. Señoras e señores.-

A nosa Galicia ten unha dimensión humana que non coincide cos seus límites administrativos. Non somos un país extenso, pero as mulleres e homes que a fixeron e a fan, confirman as palabras de Vicente Risco: *"Galicia é un mundo; se o teu pensar é fondo, a túa terra non terá cabo, e nela estará o mundo con todos os seus climas"*.

Penso que cada galego leva en si un inconformismo que o fai loitar por ampliar as fronteiras da súa comunidade, porque o noso galeguismo non se resigna ao determinismo xeográfico, senón que practica un pacífico expansionismo.

Cada galego semella unha canción de Luz Casal que nace na súa gorxa para despois medrar en diferentes sentimentos en cada un que a escoita.

Cada un de nós séntese afluente dun río que se vai enchendo de inquedanzas e de forza, como ese Eume cantado por Cesar Antonio Molina que discorre polas fragas ata chegar ao mar.

Somos coma as creacións artísticas de Antón Lamazares que se multiplican cada vez que alguén as contempla e recibe, a traveso da pintura, ese alento que naceu hai tempo nas terras do Deza.

Fainos como comunidade o traballo calado de moitas Rosalinas e Prudencias que forman a rede humana dun país solidario.

Se algo nos ensina a historia é que as patrias non son grandes ou pequenas polas súa superficie territorial. Necesitan corazóns que formen un mesmo latexo. Cando ese pálpito existe, o país medra, traballa e acada unha talla que o fai invencible. Cando falta esa alma que lle da vida a unha comunidade, non importa que nas cartografías teña unha gran importancia porque o seu peso será moi cativo. ¿Cómo somos nós? A resposta témola neste acto de entrega das Medallas Castelao de 2010.

Ao noso carón, testemuñas silandeiras desta conmemoración, están os galegos que tiveron un soño. Viron unha Galicia pobre e soñárona con benestar. Sufriron unha Galicia sometida e soñárona libre. Choraron coas loitas fraticidas doutros tempos, e imaxinaron un futuro de tolerancia onde ninguén tivera que temer por expresar o seu pensamento. Cantaron á xente que marchaba, e anxeiron unha galegitude estendida polo mundo que faría do mundo unha gran Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aquí están cinco galegas e galegos que axudaron a cumprir os soños insatisfeitos que dormen neste Panteón.

Luz Casal queixase nunha das súas baladas de que *“deixou marchar”* a alguén, pero a Galicia de hoxe non vai deixar que marche ninguén que nos faga sentir un pouco mais orgullosos de ser o que somos.

Cesar Antonio Molina vai na procura de *“lugares onde se calma a dor”*, e nós dicímoslle que ese lugar terao sempre aquí, entre os seus.

Antón Lamazares dinos *“maiúsculas, grande e universal”*, e así é como os galegos vimos e vemos a nosa Terra.

Prudencia Santasmarinas e Rosalina Celada falan co seu traballo e coa súa vida para dicirnos que moita xente sente que podemos superar as dificultades, se somos quen de poñer o noso grao de area para construír unha Galicia da cooperación.

*“O verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidades e as ideas en feitos”*. Son palabras de Castelao que eu fago miñas para loubar as biografías destes galegos xa ilustres. Os peregrinos son afortunados cando atopan no seu camiño a romeiros que axudan co seu exemplo. Na peregrinaxe que os galegos facemos polo tempo, tamén temos a sorte de atopar a paisanos exemplares polas súas realidades e os seus feitos. Eles son os guieiros que nos marcan o rumbo axeitado. Neles facemos descansar a nosa confianza en que este pobo noso vai seguir en marcha.

Nos manuais escolares dicíase con quen limita Galicia. Hoxe podemos afirmar que o noso país non limita con nada, senón que se estende cara todo con mulleres e homes coma os que hoxe recoñecemos. Eles fan que os límites deste pobo sexan afortunadamente imprecisos, que Galicia poida estar nun auditorio de París, nunha sala de exposicións de Nova York, nunha biblioteca de Londres, e tamén nun hospital ou nunha praia.

Grazas a todos vós, Galicia non é un pobo cativo. Grazas a vós, moita xente sabe que no mundo soa unha voz libre, aberta e chea de enerxía: a voz dos galegos e das galegas.

Noraboa e grazas.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA